

760

A NOSA TERRA

Idearium da «Irmandade da Fala» en Galicia
e nas suas colonias

ANO MCMXXII



Decálogo do Nacionalismo Galego

- | | |
|---|--|
| I
Autonomía de Galicia. | VI
Sustantividade do dereito fo-
ral galego. |
| II
Autonomía municipal. | VII
A terra para os que a traba-
llen, e libre de gravames. |
| III
Co-oficialidade dos idiomas
galego e castelan. | VIII
Repoboación forestal forzosa. |
| IV
Igualdade de dereitos civís e
políticos para a muller e para o
home. | IX
Entrega á propiedade parti-
cular das terras incultas do Es-
tado. |
| V
Representación proporcional
e non elixibilidade dos que non
rindan función útil para a colec-
tividade. | X
Libre cambio. |

PRECIOS DE SUSCRICION: Na Cruña, mes, 40 ctmos.; Fora, trimestre, 1'50 pe-
setas. América, trimestre, 2 ptas.; Coste d'un número, 15 ctmos—Pagos adiantados

Redacción e Administración: Praza María Pita. 17. baixos. A CRUÑA

Ford

EL AUTOMÓVIL UNIVERSAL


Prezos actualmente en vigor

				PESETAS
VOITURETTE	para 2 pasaxeiros, aberto, con arranque			5.470
VOITURETTE	» 2 » » sin »			5.100
DOBLE FAETON	» 5 » » con »			5.725
DOBLE FAETON	» 5 » » sin »			5.350
SEDAN	» 5 » (coche pecho con arranque)			9.080

Chassis

co mún

Ptas. 4.080



Chassis

camión

Ptas. 5.065

Estos prezos enténdense bordo Cadiz con dereitos de Aduanas pagados

Camiós e coches de todos os sistemas, sempre en existencia para entrega inmediata na Cruña

LUIS GRANADOS
AXENTE

Oficina, Exposición, Garaxe e Salón de venda de pezas de recambio e toda crás de accesorios para automóbiles

Payo Gómez, 5  A Cruña  Teresa Herrera, 6

DIRECCION TELEGRÁFICA: LUGRAFORD

A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL
ANO VI — NÚMERO 160 — 1.º ABRIL 1922

O Nacionalismo



**Non lle poñades tacha á obra mentras non se remata.
O que coide que vai mal que traballe n-ela; hai sitio para todos.**

A FALA GALEGA

Na Península ibérica, desprendéronse do baixo latín medioeval tres linguas romances que aínda hoxe a dividen en tres bandas verticais (ficando ao Norte o ángulo euskérico.)

Valle Inclán caracterizounos con unha xenial comprensión da indole social dos pobos das tres falas: "Tres romances formaron-se na Península —di— catalán de comerciantes, galego de labradores e castelán de dominadores."

Está reconecido por cantos se ocupan d'estas cousas, que, de todos os vínculos sociais, é a fala a que máis separa e caracteriza aos pobos, porque é o máis espiritual de todos, é o que conforma o pensamento e fai a maneira de ser das xentes. O troco de lingua determina, na maior parte dos casos, a dexeneración espiritual d'un pobo. A cuestión é distinta para os individuos do que para as nacionalidades. A proba é que a imposición da lingua foi decote unha violencia que non desciudou ningún imperialismo: foi empregada por Austria cos checos e cos húngaros, por Prusia e Rusia cos polacos, por

Francia cos vascos e os provenzás, por Castela cos catalás e con nós.

Mais a pesar da xenreira con que o persiguen, o galego vive, fálase polas catro quintas partes da poboación, e encóntrase hoxe n-unha das súas épocas de maior florecemento literario, convertíndose en instrumento de expresión científica e de produción filosófica.

Agora, o galego e o portugués son dúas formas do mesmo idioma: isto indica que nós temos un maior parentesco con Portugal que con Castela.

Tres falas, tres civilizacións; nós pertencemos á civilización da banda occidental, e culturalmente, pois que así é filoloxicamente, nada temos que ver con as outras dúas. Quixéramos ou non, isto trábanos fortemente, estreitamente con Portugal e coa civilización portuguesa.

A MENTALIDADE GALEGA

Eu non direi que os galegos teñamos todas as virtudes europeas.

Digo que a nosa constitución mental é esencialmente europea, que temos unha disposición particular para assimilar os valores da civilización de Europa, como non poden os demais hispanofoes, sin que se nos poida aplicar o que Chamberlain e mais Havelock Ellis dixeron d'eles.

Si o noso parentesco étnico é principalmente cos pobos británicos, a civilización galega cando a houbo—dende Gelmírez aos Reis Católicos—foi unha civilización francesa.

Temos dos britanos, o HUMORISMO; temos dos franceses, o SENSO CRÍTICO; temos noso, o LIRISMO e a SANDADE. Tres calidades que caracterizan a alma romántica.

Falo de verdadeiro romantismo, de xeito alemán, de xeito británico; non da ESALTACION PASIONAL que na Hespaña se chamou romantismo. O único romántico verdadeiro que houbo na Hespaña foi un galego, foi Nicomedes Pastor Díaz.

O romantismo foi a primeira insurrección do espírito nórdico—atlántico e celta—contra do espírito mediterráneo. Foi o romanticismo co que rexunliu a cultura galega. Non somente a simetria crásica: a bambolla retórica dos mediterráneos e mais o misticismo convulso e epiléptico dos iberos, que na alma hispanofoa dában-se a man, son-nos completamente alleos. Elqui, hasta os frades foron escépticos e eruditos, proba: Samiento e Feixóo.

E neste onde se vé mellor a nosa diferenciación nacional.

Os hispanofoes están faltosos, en absoluto, d'un humorismo, de senso crítico, de expresión lírica.

E a superioridade mental dos galegos tense de coñecer cando nos deixen cultivar-a ao noso xeito.

Vicente RISCO.

LETRAS IRMANS

Teixeira de Pascoaes

Nacer é forzar a tampa d'un sepulcro. A palabra Mãe significa terra. O corpo da muller é mais feito de terra que o do home. O home é pedra e fogo, incandescencia solar, espectro a arder.

* * *

Não maldigo a hora em que nasci. Um instante, que seja de íntima elevação espiritual, compensa-nos de muitas dores; rebustece o noso orgulho em que se firma a nossa alma, como o corpo nos ossos do esqueleto.

O esqueleto é o orgulho do corpo, a força que o sustenta de pé,—uma força petrificada.

E non maldigo a dor. O sofrimento é a sensação do Eterno violentando a nosa capacidade de sentir que se exagera, a fim de aprender, dominar, o que existe de mais transcendente e fugitivo...

E assim, adquirimos un heroico e melindroso estado de alma, como íntima ferida sempre aberta, que sangra ao menor contacto. Eis o "inferno" e o "paraíso" de todos os poetas que fazem da sua existência uma "divina comédia", com letra pequena, é claro... A outra con maiúscula, pertence aos Deuses.

* * *

Alegro-me de ser. Ao menos, vi as estrelas, o mar a serra do Marão o pôr do sol entre os pinhaes, a lua enorme pouxada, n'um cêrro montanhez, a Primavera e o teu pequeno vulcão, meu Anjinho.

* * *

Alegro-me de ser, porque amo e sofro; espero e desespe-

ro, choro e rio; cantando, elevo-me ás estrelas e ha silencias que se abrem em mim, tão profundos como a noite!

Entortecido, precipito-me n'esse abysmo! E resurjo depois, entre os cantos da Aleluia...

Sim, ha horas em que a vida nos esmaga e esfarrapa!

Sómos como un papel escrito nas mãos insatisfeitas d'un poeta, esse animal raivoso. Voamos aos quatro ventos!

Más ali vem a Primavera a regressamos na sua companhia... Tudo, em nós, é perfume, luz, candura, enlévo, nova infancia...

* * *

O homem nasce e morre varias vezes, desde que sae do berce até que entra no tumulo.

Viver é nascer e morrer, a toda hora.

O home não vive; —nasce e morre.

Viver vivem as árvores... e certas creaturas que eu conheço, profundamente vegetaes—, só raiz entranhada no estreme!

E vive a donzela, que é uma flor...

Más o home, apanhado na rede viva dos seus nervos, debata-se, estrebucha, sufoca!

É un peixe monstruoso fóra da auga, deslumbrado e agonisante!

Consegue entrever un novo mundo para que os seus olhos não fóram feitos... Pobre d'ele! Morre, saíndo fóra da auga, contemplando a luz, e revive quando se escapa do laço traiçoeiro e volta, a mergulhar na fundura.

O home nasce e morre. É un vagido e un último suspiro.

A palavra foi dada ás árvores e ás donzelas... Percebe o leitor? Non é provavel. Desculpará... Pedir desculpa é a propria base do edificio social! O leitor, se é comproprietario d'esse belo edificio, ficará a simpatisar comigo e será capaz de me ler até o fim! Ainda bem!

A escola das frores

Cando caen os chubascos do mes de San Xoan, e os negros nubarrons bruan pol-o ceo, e o vento mollado do leste ven pol-o hermo a tocar a flauta nas canaveiras dos bambúes, as frores xurden, sin que ninguén seipa de onde n-un súbito tropel, e poñen-se a bailar sobre a herba, tolas de ledicia.

—Naiciña, ¿as frores van a unha escola que hai debaixo da terra, non? Alí, pechada a porta, estudarán as suas leccións; e si queren saír a xogar antes da hora, seu mestre pon-as de xoellos n-un curro. Pero, cando chove, ¿que día de festa para elas!

As ramallas baten-se ruidosamente na arboreda; saíoucan as follas no tolo vento; as nubes de tormenta baten coas suas mans xigantes... E as frores-nenas saen correndo, vestidas de rosa, amarelo, de branco...

—Naiciña, escoita; as frores teñen a sua casa no ceo, entre as estrelas, ¿sabes? ¡Mira tí, sinon, como queren subir! ¿A que non sabes tí porque corren tanto? ¡Eu si que o sei! E sei a quen tenden os seus brazos. As frores teñen unha nai como eu te teño a tí, naiciña da miña alma!

Rabindranath Tagore.

Suscríbese vostede

A NOSA TERRA

DO PASADO

CANCIÓN (1)

Por amar non sabiamente
 mais como louco servente
 ei servido á quen non sente
 meu cuidado.

I

Nin xa mais querendo sentir
 miña coita
 que por meu mal padezo
 a cal no podo sufrir
 tanto é moita.

Pero vexo que perezo
 e non sei por quen saudezo
 e meu corazón consente
 que morra como inocente
 non culpado.

II

Ben sería que sirveses
 ¡ay corazón!
 e viveses traballado
 se por servir atendeses
 bon galardón
 dos tormentos que has pasado;
 mais vexo por meu pecado
 que sempre so padescente
 e nunca bon continente
 ei hachado.

Marqués de Santillana.

(1398-1458).

* * *

Como xa deixamos dito, ao reproducir outras composicións d'estas centurias lles non facemos mais alteración que trocar algunhas palabras, poñéndoas tal cal hoxe se escriben mais sen adulleirar o seu significado.

Non afinamos a comprender como o marqués de Santillana que no seu famoso proemio, que é a primeira historia da literatura peninsular, dirixido ao condestable de Portugal, don Pedro, pudo escribir:

"Non ha mucho tiempo qualesquier dezidores e trovadores... todas sus obras componían en lengua gallega" cando, o xuzgar por a composición que haxa publicamos él mesmo a utilizou. ¿Foi rasgo xenial do procer castelán, empregar a fala gallega para esta poesía, pol-o moito que conoía o noso pasado literario como se bota de ver na influencia que na sua versificación exerceron os trovadores galegos, según reconece crítico, nada tan sospeitoso, como o gran Menéndez Pelayo?

¿Sará esta composición apócrifa? ¿Será orixinal de outro autor? Non-o sabemos; pero unha vez mais non nos expresamos o dito de Santillana cando no seu tempo outros poetas empregaban inda o galego cal se ve nos cancioneros de Baena (século XV) no de Lany (1350-1450) e algún outro mais.

ECEA.

(1) Esta composición está no "Cancionero castellano del Siglo XV", tomo I, ordenado por R. Joulché Delbosc "Nueva Biblioteca de autores españoles". Dala restaurado ao galego Henry Lany n-un "Cancionero gallego castellano." 1902.

Comentarios breves

O pobo de Madrid derrotado pol-o centralismo

A compañía do Metropolitano de Madrid negóuse a pagar ao Concello un imposto pol-as obras que realiza; o Concello acorda suspenderlle as obras, xa que a autorización leva consigo a obriga de pagal-o imposto; o Concello tratou de executar o acordo, e o Ministro da Gobernación mandou prender ás autoridades e axentes municipais encargados de facel-o; dictou unha Real orde obrigando á Guardia municipal a quedar baixo a xurisdicción do Director de Seguridad; manda arrincar os bandos da Alcaldía, e pol-o derradeiro, nomea un Alcalde de Real orde.

O pobo de Madrid foi asoballado; foi escarnecido nas suas autoridades, como non se lembra que o fose ningún outro pobo na Hespaña; o pobo de Madrid foi tratado como poídera sel-o a aldea máis ñorada das nosas montañas; o pobo de Madrid está en ridículo, está desprestixiado; sufriu un dos atropellos mais grandes que se lembran, e todo foi obra do centralismo que alí tén a sua coveira; o pobo de Madrid sempre aloumiñou ao centralismo, e agora o centralismo o asoballa; nunca tan ben empregado aquel refrán de que no pecado se leva a penitencia.

Un réxime que se desfai

O Ministro da Gobernación tivo que empregar a forza para que non se cumprisen os acordos do Concello de Madrid. O Concello é unha autoridade subordinada; é unha roda do réxime e da gobernación do Estado; o Goberno tivo que empregar a forza para resolver un conflito que lle plantean autoridades subordinadas; isto demostra que o principio de autoridade e de xerarquía foi desobedecido si o Ministro tiña razón; e que a autoridade foi atropellada pola autoridade mesma, si o Ministro non tiña razón; nos dous casos queda demostrado que o réxime actual xa non é respetado nin pol-os mesmos encargados de facer cumprir os seus mandatos; a anarquía, pois, reina nos poderes do Estado; ¿qué autoridade lle queda a un Goberno que non pode facer cumprir as leises aos mesmos gobernantes?

Non se pode dudar: o réxime do Estado hespañol está en completa descomposición; estase afundindo todo o sistema de tiranías que viñan usurpando as prerrogativas de goberno na Hespaña; e estase afundindo con desprestixio e con deshonra; as Leises da Historia son fatales, e tarde ou cedo tiña tamén que cumprirse na Hespaña a xusticia da Historia que esixe o acabamento das autoridades usurpadas, e dos réximes artificiais para dar paso ás democracias naturale que non son outra cousa que as nacionalidades recobrando aqueles dereitos de liberdade e de independencia que a un tempo a Historia e Natureza lles otorgan.

EN MADRID

Algúns xornás da corte e vila dende onde se desgoberna a Hespaña, reseñando un banquete con que foi agasallado o gran poeta portugués Eugenio de Castro, dixeron que o Marqués de Figueroa pronunciou, no dito banquete unhas verbas en portugués.

¿En portugués? preguntamos nós. O Marqués de Figueroa, que é un namerado do noso idioma no que ten escrito moitas poesías, non sabemos si coñece e fala o portugués pero casi podemos asegurar sin temor a nos trabucare que no banquete a Eugenio de Castro falou en galego. O que pasa é que na vila podre aínda siguen sin nos coñecer. PoLo visto non serviron de nada cinco séculos de bárbaro centralismo.

David Lloyd George

Vamos enfiar istas breves liñas para lembrarlle ao lector algo da vida do primeiro ministro da Coroa Ingresa, díse home que negou por todos os medios a liberdade da nosa irmán Irlanda, o que por vez primeira chamou "criminal a un pobo que loita pol-a súa liberdade, para sacudir o asoballamento a que o tiñan sometido aqueles homes que na Guerra Europea se chamaron "libertadores dos pobos oprimidos."

Mais pasemos ao que nun comenzo nos propuñemos, e deixemos ista outra cuestión para outra vez.

* * *

Lloyd George non foi o que se pode chamar un rapaz listo nos seus primeiros anos. O camiño presentáballe moitas dificultades que vencer. Xa nos primeiros anos perdeu a seu pai; apeiros de labranza, muebles, toda a facenda lles foi embargada. Os anos de miseria na casa de seu tío, o zapateiro de Llanystumdwy, que recolleu aos orfos, deberon deixar na alma do neno una idea inesquecible da vida d-aquela probe xente; alí na casa do seu tío, no roce cos "yesmen", escravos do terruño, escoitaba acófo as queixas e protestas contra dos poderosos latifundiarios.

Comenzou a carreira de abogado; para os primeiros ensiños de leises eran percisos algú coñecementos de francés e latín. Seu mestre insinuolle o segundo idioma, mais, non o primeiro por non sabelo. David non sabía o francés; e entre él, seu tío, unha gramática e un dicionario foi vencendo os obstáculos da lingua ingrata para un inglés.

Na data do 1878 entrou no bufete de procurador de Pormadoc, comenzando a ser coñecido como un orador atractivo. No 1880 comenzou a escribir e baixo o pseudónimo de "Brutus" publicou varios artigos no "North Wales Express". No ano 1881 foi por vez primeira á cidade de Londres. David que dende neno levaba sempre un diario, escribiu d-aquela a seguinte intrasante confesión das suas ambicións: 12 Noviembre. Fui ao Parlamento. Leveime un chasco. Grandes casas por fora, pero pequenas e afogadas por dentro, sobre todo a Cámara dos Comúns. Non podo decir sinón que mirei a Asamblea c-un espírito somellante ao que Guillermo o Conquistador mirou a Inglaterra ao visitar a Eduardo o Confesor como á rexión do seu futuro dominio. ¡Ouh que vanidade!"

No 1882 meteuse nos grupos políticos de Pormadoc facendo un discurso, sobre a guerra do Egipto que foi moi ben comentado na Cámara do pobo.

Por iste tempo subrevou aos montañeses de Llanfrotten que asaltaron o Campo Santo e levaron o cadavre d-un carreteiro enterrado no sitio dos suicidas para enterralo na sepultura da sua filla.

No 1885 foi nomeado procurador; logo tomou parte nun asunto pequeno, do que saíu triunfante, según dí no seu diario. Despois pasou a ser abogado n-unha escondida rexión de Gales, lugar con poucas sortes para entrar no Parlamento.

El tiña moita madeira de parlamentario e os seus discursos na campía, sua presencia nos mitin e seu caracter audaz fixeron xerminclar grandes esperanzas entre os probes labregos asoballados; de mitin en mitin xogaba moitas veces a sua vida. En Bangor foi agredido por un "jingó"; en Glasgow as xentes apedrearon o carro en que volvía despois d-unha conferencia; en Brimingham, ao dar un mitin, as turbas asaltaron o local, etc.

No 1889 foi elexido candidato por Carnayón ganando as eleccións. Chegado ao Parlamento sua primeira intervención foi para pedir que deixasen de ser xueces no seu país nativo os que non soupesen falar o vello bretón, a fala d-aquela terra, durante séculos conservada. ¡Aprendede dipudados que vos chamades representantes de Galicia!

Nos primeiros pasos da sua vida parlamentaria levaba moito cuidado en preparar ben os discursos políticos. Pol-o xeneral escribía longas notas par despois discutilas coa sua dona, quen dende o casamento no ano 1889, tomou con intrés a ambicións políticas do seu home; xuícios e críticas que sempre tivo presente o político. Tamén daba a ler os seus discursos consultados coa sua muller, ao seu tío e ao seu irmán; de sorte que as primeiras armas parlamentarias pódense considerar que foron feitas na familia. Hoxe variou de sistema; unha mecanógrafa recolle as ideas; él as revisa, amplía, etc., e fai o resume que lle sirve de guía para o discurso, que en xeneral non se aparta dos apuntes da mecanógrafa.

Lloyd George nos tempos de loita, cando se presentaba diante das xentes como un home perigroso, cramaba contra o despotismo, absolutismo e imperialismo inglés. Sua nacionalidade céltiga opúñase a calar diante da tiranía británica; loitaba pol-o libertamento do seu país de Gales; era o idolo do pobo asoballado, o Deus d-aqueles que pedían liberdade...

Hoxe as cousas trocáronse. Diante os excesos da soldadesca inglesa contra do patriotismo irlandés, que loita pol-a sua verdadeira, única e sagrada patria, Lloyd George non somentes os non censurou, sinon que os alentou, convertíndose no peor enemigo da nosa irmán Irlanda.

Esquecendo o seu sangue e o seu orixen céltigo, Lloyd George apretou as cadeas que oprimían a un pobo que loitaba e que por remate venceu!...

Irlanda, a nosa irmán, envolta na traxedia de xornadas sanguíntas e gloriosas chegou a imporse como un pobo libre, como un pobo dino da raza celta, e Lloyd George, deixando o despotismo que sempre había empregado, recoñeceu a necesidade de dar a cada pobo os dereitos que lle pertencen. Lloyd George volveu quizaves, os ollos ao seu pasado, e lembrouse de que cando él loitaba pol-a liberdade do seu país de Gales, sempre dicía:

"Mentras Inglaterra e Escocia están borrachas de sangue, o cerebro dos habitantes de Gales atópase sereo e adianta con paso firme pol-o camiño do progreso e da liberdade."

Urbano LOSADA MARTINEZ.

Santiago de Compostela.

Lea vostede o próximo número de
A NOSA TERRA

O HÓRREO

Pon o teu en consello,
e uns diranche que branco e outros che dirán que negro.

Era Xelo un bon rapaz. Debeíase por facere calquera favor que se lle pidira e non parecía senon que era n-él unha obriga o estar decote á devoción dos seus conocidos.

Mais así e todo, inda os seus veciños lle tiñan unha certa aquela de que non era merecente, e os que mais forte marulaban d'él, eran os que maormente o cansaban; pero xa é sabido, onde se sementa un favor, o que se colleita é unha ingratidade. De non, os homes non serían humanos, e buscase o mais cativo pretexto para deixar de sere agredido.

O caracter de Xelo era doce, pouco amigo de rifar polo seu xenio mol e deseioso sempre de quedar ben con todos, andá que en de xamais o lograra, pois por mais que o procuraba non atinaba a lles dar gusto ou cumprimento aos mais. Indeciso acotío non facía nada sin denantes consultalo, porque así lle parecía mais acertado e lle non abandonaba o que él pensara para ver de deixar a todos compracidos: mais sempre había alguén, pois por non os cansar non se acosellaba de todos, que dera sinais de xenreira, por quedárese sin lle pedir a él a súa opinión.

Vendo que o mal somellaba, non ter remedio deuse a cavilar na traza de que debería se valer para que lle non quentaran mais os miolos cando procurara algunha cousa, fora no seu proveito fora no dos alleos, porque a moitos lle non prestaba ben fixera Xelo as cousas sin llaq deciren antes.

Despois de moito maxinalo, pois era de natural agudo e despavillado, tendo necesidade de un hórreo novo, pois o que tiña non servaba de si de puro vello, determinou de o facer, mais sin lle pedirlo parecer a ninguén.

Co gallo de que landreaba un dos muros da súa horta anandou vir os xornaleiros, e no fondal, onde mais a cuberto estaba da curiosidade das xentes, deu comenzo a obra.

Rematada xa, foi chamando aos poucos, hoxe, un mañán, outro; a todos os seus amigos e, facéndolles ver o hórreo, demandáballes consello.

Inda que a obra fora ben feita e acabada, uns poñíanlle este defeito, outros, estrouto: quen atopaba baixas as cepas, quen altas; non faltou o que xulgou pequenas as rateiras contra do que as disputou por grandes. O caso é que todos cantos o vian tiñan algo qe lle correxir. Xelo os escoitaba calado e atentamente e ao se despedir d'eles, a todos lles decía que tería en conta os seus reparos.

Deixou pasar algún tempo e logo, para a mesma hora d'unha mesma tarde, deulles a todos os veciños cita para a súa casa. Antes de pasar a vel-o hórreo obsequiounos c'unha boa merenda e logo foron cabo da obra.

Xa diante do hórreo, Xelo díxolles que os chamara para que poideran ver como quedara despois de facer n-él as modificacións, que lle indicaran. Como ninguén se lembraba xa do que dixera, pois falaran por falar, coidando sere certo os ditos de Xelo por tel-os afeitos a que así fora, desfíxéronse en eloxios do hórreo, e non se ouvían mais escramaciós que estas:

—¡Vaia un hórreo, peprazo!

—¡Non hai outro coma él en toda a bisbarra!

—Este sí que é todo un señor hórreo!

E non había senon gabanzas para o ben feito do d'aquel. Riase caladamente Xelo. ¡E non se había de rir se lle non luxera man dende que o rematara!

Non foi esta a derradeira xugarreta de Xelo para cos veciños. Adeprendeiu e viu que facendo en todo o paripé que co hórreo podería dárselle gusto as xentes, engaiolándoas coma parvos e facendo un a súa santa vontade: pois as mais das críticas son, na maioría das veces, criticar por criticar e sin fundamento algún. O caso e sabérese burlar dos tales críticos facendo como fixo Xelo, lles non dando creto.

Euxenio CARRE ALDAO.

OS NOVOS

Saudade

Cae a neve
o chan branquea
bala unha obella.

Morreu unha moza
branca com-a neve
fresca com-unha rosa.

O pobo está triste
unha brétema espesa
nestas horas o viste.

Todos choran de tristura
bágoas de dôr
por tanta desventura.

A. Regueiro.

Santa Cruz del Bollo, Nadal 1922.

TEATRO GALEGO

Xogo de escena

IV

A acción debe ser tan cultivada e estudada como a arte de dicir, xa que ambas están suxetas a unha identificación absoluta co caracter e mais co temperamento dos personaxes que ha de representar o actor.

A acción será, pois: nobre, elevada, sinxela, familiar, ruín, cómica e ridícula, conforme o requira a indole do personaxe a que se lle deba dar vida na escena.

E'condición indispensable de toda a elaboración escénica o "estar ben en escena". Saber estar en escena, é representar abstraéndose en absoluto da presenza do público, atendendo sómente ao que ocorre no taboado, son cousas a que debe atender o actor.

Un dos defeitos maores dos principiantes e amadores é o exceso de movemento: axítanse de mais, non saben "onde poñer as mans", cruzan as pernas, recuan, avanzan, xesticulan... sempre sen motivo determinado. Realmente as mais grandes

Dificultades do xogo escénico son: escoitar ben e saber estar quedo.

As "pasadas" son tamén de moita importancia no xogo da escena. Toda "pasada", é dicir, todo cambio de lugar d'un personaxe na escena, ten a súa acción, o seu xesto, a súa palabra para xustificala.

Débese asimesmo coídar de non incurrir no que se chama "tapar figuras", que causa moí mal efecto. Tampouco debe de se tapar a si mesmo, o que consiste en accionar o brazo ou perna de xeito que lle tape a cabeza ou o corpo e desdibuxe a figura. Se ao saír pola dereita faise co pé dereito, ou ao sinalar para o fondo se emprega o brazo que está da banda do público a figura desdibúxase, presenta un aspecto artístico cousa que hai que evitar.

Nas entradas e saídas da escena, o andar apropiado debe ser ouxeto de moita atención. As entradas débense preparar dende o interior do escenario. As saídas non deben ser bruscas, é preciso preparalas tamén, ou indicalas c'un movemento axeitado pouco antes de as practicar. En xeneral, o "pisar ben" é caso de importancia.

As evolucións e movementos dos actores, a maneira como deben de se formar os grupos, a combinación en xeneral de todo o que ha representar unha obra, debe ser estudado con moito coídao para dar a impresión da vida real; mais d'unha vida "artisticamente idealizada", xa que para ver exactamente o natural non se precisa ir ao teatro.

Débese ter sempre presente, voltamos a dicir, que non todo o que executa un home pode ter cabida na arte, sobre todo nos movementos en que obedece ás pasións mais que á intelixencia, de sorte que os ademáns, actitudes e posicións merecen unha grande atención.

Así como na representación d'unha peza a parte falada debe ser animada e varia conforme o requira a obra, tamén a parte reservada á vista, a acción, será movida e variada á fin de interesar a atención do espectador.

A monotonia no agrupamento das figuras, nos movementos, nas actitudes e ademáns, enfria moito o xogo escénico e perxudica o interés que debe espertar a representación nos espectadores.

A aglomeración das figuras nun só punto da escena, sen motivo xustificadísimo destrúe o efecto da composición.

O actor debe falar ollando para o seu interlocutor mais ou menos directamente según conveña á acción, pero nunca ao público.

Os apartes non deben ser accionados, pois son como un pensamento do personaxe.

Nos monólogos das obras (que con razón van desaparecendo no moderno teatro), débese accionar tamén o menos posible.

Cando haxa que leer algún escrito, non facelo nunca empregando a luz das "candilexas", senon a lámpara que figure alumando a escena, ou se é día, todo o mais chegarse un pouco a unha porta ou vidreira do decorado, o que é mais natural.

Se algún personaxe usa bastón, ou un pau, non batir co el no chan, pois produce un ruído óco que descompón a situación.

Para o bon resultado do xogo da escena, en algunhas obras, débese ensayar a iluminación, ruidos imitantes de fenómenos naturais, e demais artificios que compretan a ilusión escénica.

ca, contribuíndo tamén á facilitar a expresión que o actor debe imprimir ao diálogo ou á música.

Ramón ALVARINO.

Os esquencidos

MUIÑEIRA

Rapaciñas,
garridiñas
que de amores
salaiades,
aquí tedes,
si queredes
o que tanto
deseades.

Acudide,
vide, vide,
feiticeiras
sin tardar,
que o gaiteiro
pra o rucero
vai c'os mozos
do lugar.

Ala, nenas,
fóra penas,
vide todas
de arredor;
cantaremos,
bailaremos
a muiñeira
qu' é o millor.

Xa se sinte na foliada
da gaitiña o doce son
c'ó que a alma namorada
cura o enfermo corazón.

Xa aturuxan os mocíños
reloucando de pracer:
se buscades maridiño
non hay tempo que perder.

As rapazas,
pol-as trazas,
o que queren
xa se ve,
moitos mimos
e agarimos
al contrando
quen llos dé.

Que lles falen
do casoiro;
que lles canten
o alá-la;
e se atopan
brincadoiro...
taina-nina,
taina-ná.

CONSTANTINO FERNANDEZ
(Año 1885.)

Rectificación

No número 158 do 1.º de Marzo de A NOSA TERRA en que dábamos conta da Asamblea nacionalista de Monforte dixemos erróneamente que o irmán, Roberto Blanco Torres asistira a ela como representante da prensa de Ourense sendo así que foi como persoeiro da Mocidade Galeguista de Ourense.

A Irmandade da Fala na Cruña

Xa finaron as obras de decorado que se viñan facendo no local d'esta Irmandade.

O querido irmán Indalecio Díaz Baliño encargado de leval-o a cabo, fixo unha obra sinxela pero moi linda que merece todas as nosas gabanzas. O local da Irmandade quedou realmente desconocido.

Fixéronse ademais unhas oficinas moi ben instaladas para a administración de A NOSA TERRA e Segredaría onde se conservan como reliquias, os cadros donados á Irmandade por Castelao, Imeldo Corral, Camilo Díaz, Abelenda, Ricario Camino, e un baixo relieve de Indalecio Díaz Baliño que figurou na Exposición da Arte Galega en Bos Aires.

Todo os días xuntan-se no local un grande fado de entusiastas e traballadores irmáns, que non acougan dando impulso ao noso Santo ideal redentor.

O 26 comenzaron novamente as veladas de Teatro Galego so que asistiron como decote un grande número de irmáns e invitado que encheron o noso local social até o extremo de resultar pequeno para tanta concurrencia.

O Conselleiro 1.º Francisco Balboa, que é un dos irmáns que mais traballou e que con mais quentura sinten a nosa Causa, donou á Irmandade un piano co que serán amenizados os entreactos das veladas teatrais executándose música galega.

Está exposta no local da Irmandade a preciosa bandeira galega en seda e bordada en ouro prata e cores. Esta bandeira foi regalada á Irmandade da Fala na Cruña por suscripción feita polas Donas de Galicia. O dibuxo bordado foi feito pol-o noso irmán o grande artista Camilo Díaz Baliño. Esta bandeira verdadeira obra de arte, será exposta axiña n-un escaparate da Rúa Real. Para facer a entrega oficial pol-as Donas, farase un grande cto que terá moita trascendencia.

Moi axiña començarase unha activa propaxanda no campo, labor de redención, para os nosos labregos. Comenzárase con un plan premeditado, comenzando nos arredores da Capital.

Como pode verse, os irmáns da Cruña non acougan, e traballan decote con entusiasmo dino de ser imitado para o mellor espallamento de Santa Idea. Si en cada vila grande de Galicia, houbera un fado de rapaces tn forte e cheo de entusiasmo que traballara como o da Cruña, poderíamos asegurar que o noso triunfo definitivo non estaría moi lonxano.

Teatro galego - ESTADEIÑA

O domingo 26 reanudáronse as veladas de Teatro Galego, que viñan facéndose na Irmandade da Fala na Cruña con grande éxito.

Hotel "LA VICTORIA"

Propietario: Manuel Fernández Vázquez

Rua de San Andrés, 154-A CRUÑA

Dirección telegráfica e telefónica VICTOFER

Teléfono número 459

Os viños do Ribeiro

ARNOYA FINO

Siñifican o máximu d-a "delicadeza"

Bodegas da Viuda e Fillos de Xoán Fuentes—Ourense

Representante na Cruña: D. R. G. Alegre

Juana de Vega, 35

A ben escrita comedia do noso querido irmán Manoel Lufris Freire titulada ESTADEIÑA foi levada á escena pol-o cuadro de declamación da Irmandade cuidando a presentación con grande esmero.

Os que asistiron a esta representación encheron completamente o local, até o extremo de ter que estar en pé, aplaudiron e ovacionaron aos valerosos rapaces e indas señoritas que desempeñaron a maravilla os tipos da farsada.

O autor foi obrigado a saír a recibir as ovacións que lle prodigaba a concurrencia, ao final de cada acto.

Visto o grande éxito alcanzado con ESTADEIÑA e a petición dos irmáns que non puideron asistir a esta representación, será levada novamente á escena a citada obra, a domingo día 2 de Abril.

CÉLTIGA

Temos recibido o primeiro número d'esta novela mensual, en idioma galego, que se publica no Ferrol.

Nos redactores e colaboradores de "Céltiga" figuran prestixiosos escritores galegos. Ademais colaboran coa súa arte os principais pintores e dibuxantes da nosa Terra.

O primeiro número de "Céltiga" que temos no noso poder, publica unha fermosa novela curta Jaime Quintanilla, ilustrada pol-o paisaxista Imeldo Corral. Non é posible editar mellor por tan pouco diñeiro, pois véndese ao precio de 30 céntimos o exemplar.

"Saudade", que así se chama a novela do primeiro número publicado, ten de chamar a atención pol-o lirismo do asunto. A tricomía que reproduce un óleo de Imeldo Corral, é moi vistosa e avalora o primoroso formato do número.

"Céltiga" publicará no segundo número dúas curiosas lendas celtas auténticas, de Lovey Chisholm, traducidas do inglés ao galego pol-o conocido escritor Manoel Fernández Barreiro. Ilustrará este segundo número o noso inmenso Castelao.

Sobriños de José Pastor BANQUEIROS

Casa fundada en 1776

A Cruña e Vigo

BOLSA do TRABALLO INTERNACIONAL
FEDERACION dos EMIGRANTES HESPAÑOLES
ASOCIACION de BENEFICENCIA

Enrique Iglesias Corral Barrio

SUBDELEGADO GENERAL NA REGIÓN NOROESTE DE HESPAÑA

A Cruña, León, Ourense, Oviedo e Pontevedra
A CRUÑA

LA SALUD

CASA DE BAÑOS

A MELLOR DA CRUÑA

Avenida de Rubine, 22 (Riazor)

Xosé Patiño

Bordados Artísticos
Xogos de cama Confeccións
Equipos para noivas

San Felio, 20-Apartado, 37

Palma de Mallorca

Paulino Freire

BOUZAS - VIGO
Sucursas: en Cruña - Ferrol

Redes d'algodón para tarrafa
Aparellos, armados e en panos, para
barcos pesqueiros
Malletas de abacá e cáñamo alquitra-
nado—Cables de aceiro, ingleses
Aceites minerás e vexetaes, e surtido
compreto para maquinaria e pesca

— Santa Lucía, 26 e 28 - A CRUÑA —

“Patente-Salvavidas”

O mellor para pintar os fon-
dos dos barcos. Ganou Di-
proma de Honor, Gran pre-
mio e medalla de ouro nas
Exposicións de París-Londres.

REPRESENTANTE

F. Bertran e Mriambell
VIGO-CRUÑA

ZINCKE HERMANOS

LIBRERÍA — PAPELERÍA
IMPRESA

Cantón Grande, 21—Estrella, 37

— A CRUNA —

Fábrica de Xergóns
e catres metálicos

ORZAN, 70

(Frente do Pórtico de San Andrés)

EFEKTOS NAVALES

— DE —

Ferrer e Compañía-Sucesores
F. BERTRAN E MIRAMBELL

Vigo e a Cruña

Casa fundada en 1868

Artigos xeneras para equipo da Mariña Mili-
tar, vapores, barcos de vela e pescadores.

FARMACIA EUROPEA

— DE —

Lopez Abente

— REAL, 55 —

A mellor surtida da Cruña e un dos estabre-
cimentos da súa cras que mais honran a Gali-
cia. Montada con arreglo aos derradeiros adian-
tos.

Alfredo Lastres Canosa

“La Encajera Española”

Fábrica de encaixes de fio
Tecidos a man. Especialidade en
aplicacións

Exportación Ibero-Americana

Almagro (Ciudad Real)

Grandes Almacés de Tecidos

NUEVO MUNDO

SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECCIÓN

Inmenso surtido en Panos da Rexión
e Estranxeiro. Confecciónanse toda crás.
prendas para mulleres, homes e nenos.

SAN ANDRÉS, 41 e 43 - Teléfono 256

A CRUÑA

Novos Almacenes Coruñeses

Tecidos nacionás e estranxei-
ros Vendas por maior e menor

Fonte de San Andrés, 18, 20 e 22

A Cruña

Viuda de H. Hervada

Casa fundada en 1865

A CRUÑA

FERRETERÍA, QUINCALLA, MUEBLES,
MAQUINARIA AGRÍCOLA, PEDRAS
FRANCESAS PRA MUIÑOS, ETC., ETC.

Lino Pérez Mariñas

Representante e Comisionista

Rua Real, 43

A CRUÑA

Os millores viños de Xerez
son os de

Marín e Cintado

dirixirse ao representante para Galicia:

Lino Pérez Mariñas - Real, 43 - A Cruña

CERVANTES

Librería, Papelería e Imprenta

TELEFONO, 456

Rua Real, 49

A CRUÑA

“LA SANTIAGUESA”

Gran Hospedaxe de GUZMAN

Orzán, 70 - Teléfono, 290 - A CRUÑA

Casa situada no mais céntrico da poboación
con habitacións independentes. Preto das ad-
ministracións dos coches ao ferrocarril
e a Santiago

PRECIOS ECONOMICOS